

I CONTROL DE MARCAS DE LUGO 22 de FEBREIRO de 2019

A Delegación da FGA en Lugo organiza a I CONTROL DE MARCAS no módulo cuberto do *Estadio Gregorio Pérez Rivera*, o **VENRES 22 de febreiro de 2019, en xornada de tarde**.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- **Atletas de categoría sub 16** que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún Club pertencentes a Galicia e que teñan ficha pola Federación Galega de Atletismo.
- O resto de atletas da categoría con ficha por outra Federación e noutros clubs non pertencentes a Federación Galega de Atletismo deberán aboar 10€ en concepto de inscrición.
- Todos os atletas que se inscriban, non participen finalmente e non manden a súa renuncia ata 24h antes do comezo da 1ª proba do programa. Serán sancionados cunha multa de 5€ que deberá ser aboada para poder tomar parte en calqueira control ou proba oficial organizada nesta Delegación de Lugo. **Non poderán participar aqueles atletas que teñan algunha multa pendente de abono.**

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do mércores anterior** á celebración das probas. **A inscrición terá un custo de 2€.** Os dorsales entregaranse ao delegado de cada club, quen deberá aboar o total da inscrición de cada club. **Non se darán dorsais de forma individual.**

As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.

Art. 3. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba.** Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 4. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 6. O acceso ao módulo será **restrinxido**. Os adestradores que queiran acceder, deberán enviar un email a delegacionfgalugo@gmail.com ata o martes 19 para recibir acreditación para o acceso as zonas habilitadas para eles. **Non se tramitará ningunha solicitude realizada fora de prazo.** Será obrigatorio que os adestradores devolvan a acreditación ao rematar a competición.

Art. 7. **Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca.** As series realizaránse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 8 FINALES 60 m.l. Clasificaránse para a final as 12 mellores marcas das series previas.

Art. 9. Táboas, Intentos e Cadencias:

- Táboa de lonxitude a 3m.
- Táboas de triple salto mixto: 8-9 e 11m.
- Nos concursos todos os atletas disporán de 4 intentos + 2 mellora para os 6 primeiros.
- Salto altura mixto: 1.20-1.25-1.30-1.35-1.40-1.43-1.46-1.49....

Art. 10.

HORARIO DEFINITIVO

HOMES	HORA	MULLERES
	17:30	SALTO LONXITUDE – sub 16
60 mv (0.91) – sub 16	18:00	
	18:10	60 mv (0.76) – sub 16
LANZAMENTO DE PESO 4kg – sub 16		LANZAMENTO DE PESO 3kg – sub 16
SALTO LONXITUDE – sub 16	18:20	
	18:30	60 ml – sub 16
60 ml – sub 16	18:45	
SALTO ALTURA – sub 16	19:10	SALTO ALTURA – sub 16
TRIPLE SALTO – sub 16	19:15	TRIPLE SALTO – sub 16
	19:45	60 ml - FINAL A-B
60 ml - FINAL A-B	19:50	

Art. 11. Todo o non disposto no presente Regulamento resolveráse de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, a 13 de febreiro de 2019



Asdo. José Manuel Peña
Delegado Lugo FGA

ORGANIZA:



COLABORAN:

